



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Exposición pública do padrón provisional da taxa pola recollida do lixo 2026

EDICTO

A resolución da Alcaldía núm. 248/2026, do 25 de febreiro, aprobou provisionalmente o padrón fiscal anual do exercicio 2026 da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, integrado por un total de 6.876 recibos e por importe de 898.117,76€.

Para o exercicio 2026, establécese a **división do recibo anual en dúas cotas semestrais**, que se aboarán no primeiro e segundo dos períodos de cobranza voluntaria establecidos pola Deputación da Coruña.

O padrón estará exposto ó público neste concello polo prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal as persoas interesadas poderán interpoñer reclamacións ou alegacións fronte as liquidacións que neles se conteñen.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Unha vez rematado o período de exposición pública, de non presentarse reclamacións nin alegacións, o antedito padrón considerárase definitivamente aprobado.

Fene, asinado dixitalmente o 26 de febreiro de 2026, pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.

2026/1180